

John Locke

Vida e obra



John Locke naceu en 1632 en Wrington, Inglaterra, de pais puritanos e contrarios ao absolutismo dos Estuado. Estudou en Londres e en Oxford, onde se graduou en Medicina en 1674. Descubriu a súa vocación filosófica lendo a Descartes, e ensinou filosofía durante algúns anos en Oxford. Médico persoal e amigo do conde de Shaftesbury, destacado membro do partido *whig* (liberal), estivo en estreito contacto coa política cando este foi nomeado chanceler en 1672.

En 1680 compuxo os seus *Dous tratados sobre o goberno civil* (a súa máis importante obra política), ou sexa, antes da Revolución Gloriosa de 1688, polo que a crítica que conteñen á monarquía absoluta non podía ter o propósito de defender esta revolución, que logrou instaurar a monarquía constitucional de Guillerme de Orange.

Entre 1674 e 1679 viaxou por Francia, e en 1683, a causa da perda do poder do seu protector, trasladouse aos Países Baixos, onde entrou en relación con librepensadores de grupos protestantes disidentes, como o pequeno círculo de confidentes leais a Spinoza, que morrera en 1677. Nestes anos compuxo a súa *Carta sobre a tolerancia*. Cando regresou a Inglaterra, residiu en Essex. Morreu en 1704.

Entre as súas obras máis importantes podemos sinalar a *Carta sobre a tolerancia*, de 1689, que apareceu anónima. Tamén anónimos se publicaron os *Dous tratados sobre o goberno civil*. En 1690, apareceu o *Ensaio sobre o entendemento humano*, que obtivo inmediatamente un grande éxito. Nos anos seguintes, publicou *Pensamentos sobre a educación* (1693) e *Racionalidade do cristianismo* (1695).

Entre os seus traballos póstumos, publicados en época recente, destacan, ademais dalgunhas páxinas do seu *Diario*, os proxectos do *Ensaio sobre o entendemento humano*, os *Ensaíos sobre o dereito de natureza* e dous escritos máis sobre a tolerancia.

David Hume

Vida e obra



Filósofo, home de negocios e político, David Hume naceu e morreu en Edinburg, Escocia (1711-1776), aínda que realizou varias viaxes por Europa que lle permitiron entrar en contacto coas correntes de pensamento predominantes e os autores principais do seu tempo. A súa familia pertencía á nobreza. Aínda que estudou na universidade da súa cidade natal, non obtivo ningún título universitario, senón que leu pola súa conta, sobre todo obras de filosofía.

Escribiu o *Tratado da natureza humana* durante a súa estancia en Francia (1733-1739), en tres libros, e publicouse en Londres en 1740. Logo reelaborouno e escribiu o *Ensaio filosófico sobre o entendemento humano* e as *Investigacións sobre os principios da moral*, publicados en 1951.

Polo seu escepticismo e o seu sospeitado ateísmo non foi ben visto nas institucións académicas da súa cidade, polo que se inclinou pola política, desempeñando misións diplomáticas en Viena e en París. Nesta última cidade estivo entre 1763 e 1766, e alí coñeceu a Diderot, a D'Alembert e a Rousseau.

Cando obtivo o seu posto de bibliotecario da Corporación de Avogados de Edinburg, tras ocupar outros cargos políticos, empezou a compoñer unha *Historia de Inglaterra*. De 1757 é a súa *Historia natural da relixión*. Pero antes escribira os *Diálogos sobre a relixión natural*, que foron publicados despois da súa morte (1779).

En 1763, Hume, que era entón secretario do conde de Hartford, embaixador de Gran Bretaña en Francia, viviu en París ata 1766, frecuentando, con bastante boa acollida, a sociedade intelectual da capital francesa. De volta en Escocia, hospedou na súa casa o filósofo francés Rousseau, pero o carácter sombrío deste provocou a ruptura entre ambos os dous. Dende 1769, Hume, rico xa, levou unha acomodada vida tranquila e morreu en Edinburg o 25 de agosto de 1776.



2. A teoría do contrato social é tamén verdadeira en canto afirma que o pobo é a orixe de todo poder e xurisdición, e que os homes, voluntariamente e para obter a paz e a orde, renuncian á súa liberdade natural e aceptan leis dos seus iguais. Agora ben, esta doutrina non se verifica en todas as partes nin completamente. A maioría das veces, os Gobernos e os Estados nacen de revolucións, conquistas e usurpacións, polo que a autoridade destes Gobernos non pode considerarse fundada no consentimento dos súbditos.

Jan Brueghel o Mozo, Banquete de vodas, Museo do Prado, Madrid. Os seres humanos acordan vivir en sociedade para garantir a súa liberdade e a súa seguridade.

Locke: o contrato social garante a liberdade

Ao igual que Hume, tamén Locke pensa que **só o asentimento dos membros dunha comunidade é a base do dereito e das leis da devandita comunidade que teñen que rexer sobre os seus membros**. De modo que este asentimento, ao ser un acto de liberdade, ou sexa, de elección, **ten como finalidade manter e garantir esta mesma liberdade**.

Polo tanto, o asentimento ao contrato social orixinario non pode servir —como defendera Hobbes— para producir o sometemento dos cidadáns á vontade inconstante, incerta e arbitraria do gobernante. O gobernante non pode ter un poder absoluto e ilimitado. O ser humano non ten ningún poder sobre a súa propia vida (que por lei de natureza ten o deber de conservar), polo que non pode, mediante un contrato, facerse escravo doutro e poñerse a si mesmo baixo un poder absoluto que poida facer da súa vida o que lle praza.

Polo tanto, segundo Locke, tras constituírse como sociedade política, **o pobo conserva o poder supremo de remover e substituír o mandatario**. En ningún caso, a constitución dunha sociedade civil pode significar que os seres humanos se entregan cegamente á vontade absoluta e ao dominio arbitrario doutro ser humano. Por iso, cada un conserva o dereito de defenderse contra os que mandan cando estes sexan tan tolos ou tan malvados que non respecten as liberdades e as propiedades dos súbditos.

Os cidadáns conservan este mesmo dereito para reaccionar cando a prerrogativa de aplicar as leis con amplitude e elasticidade por parte dos mandatarios non se execute en conformidade cos requirimentos do ben público.

Textos na web

Vivir en sociedade fai máis forte o ser humano (Hume, D., *Tratado da natureza humana*, III, Parte segunda, Sección II).

A diferenza entre a monarquía e a tiranía, que é unha usurpación do poder, consiste en que o rei ten as leis como límites do seu poder e fai do ben público o fin do seu goberno. O tirano, en cambio, subordínoa todo á súa vontade e aos seus desexos.

Contra a tiranía, como contra calquera político que se exceda dos seus límites e que instaure a arbitrariedade en lugar da lei, o pobo ten dereito a recorrer á resistencia activa e á forza. Neste caso, a resistencia non é rebelión, senón máis ben a resistencia contra a rebelión dos gobernantes á lei e á natureza mesma da sociedade civil.

3.3. Sociedade civil e división de poderes en Locke

Locke non escribiu ningún tratado sobre moral, pero si deixou un rico e madurado pensamento político, no que **defende as liberdades dos cidadáns dentro dun Estado democrático e a práctica da tolerancia relixiosa e da liberdade de conciencia**. Todo iso é derivado por el da razón na súa dimensión práctica como lei da natureza. Hai, polo tanto, unha lei da natureza —que é a razón mesma— que ten por obxecto as relacións entre os seres humanos e que prescribe a reciprocidade de tales relacións e a igualdade de dereitos entre eles.

No estado de natureza, ou sexa, antes da constitución dun poder político, a lei da natureza é a única lei válida. Neste estado, a liberdade dos seres humanos consiste en non estaren sometidos a ningunha vontade ou autoridade allea, senón en respectar soamente a norma natural. Pero **esta lei obrígaos tamén a respectar o dereito á vida, á liberdade e á propiedade alleas.**

Cando estes principios non se respectan porque unha ou varias persoas recorren á forza, pode sobrevivir o estado de guerra. Precisamente para evitalo, os seres humanos organizanse en sociedades e abandonan o estado de natureza, posto que un poder ao que se poida apelar como árbitro exclúe a permanencia indefinida no estado de guerra.

Esta decisión dos cidadáns de formar unha sociedade política (o contrato social) e un poder civil fai deste poder un poder elixido polos mesmos cidadáns e, polo tanto, ao mesmo tempo un acto e unha garantía de liberdade dos propios cidadáns. Este poder diversifícase do seguinte modo:

1. **Poder legislativo: correspóndelle elaborar as leis obrigatorias para todos, sen excepcións, e cuxo fin sexa o ben do pobo.** Debe ser exercido por unha asemblea ou parlamento elixido polos cidadáns. Locke di que este poder non pode impoñer impostos sen consentimento do propio pobo, pois un dos fins fundamentais do goberno civil é a defensa da propiedade privada, que é un dereito natural do ser humano.
2. **Poder executivo: correspóndelle a execución das leis formuladas polo legislativo, ao que lle debe dar conta dos seus actos.** Locke distingue do poder executivo un poder federativo que ten por obxecto representar a comunidade fronte ás outras comunidades ou ante os individuos alleos a ela, e ao que lle competen as decisións sobre a guerra e a paz. O poder executivo e o federativo teñen que estar nas mesmas mans, pois son practicamente inseparables.
3. **Poder xudicial: é o encargado de velar polo cumprimento das leis aplicando as sancións aos delitos e ás transgresións que se poidan cometer.**